



actualidade

## Convocatoria de accións descentralizadas no marco do programa de aprendizaxe permanente 2011



A Comisión Europea vén de publicar no *Diario Oficial* do 27 de outubro de 2010 a convocatoria de propostas para 2011 do Programa de aprendizaxe permanente (PAP), que establece as prioridades estratéxicas dende a infancia ata a idade madura.

O Organismo Autónomo de Programas Educativos Europeos (OAPEE), unha vez acordado coas administracións educativas autonómicas e coa aprobación do Ministerio de Educación, como autoridade estatal española, publica a convocatoria das accións descentralizadas, que nesta ocasión son:

- Comenius
- Erasmus
- Grundtvig
- Leonardo da Vinci
- Programa Transversal

As actividades de cada un deles e a data límite para a presentación de solicitudes, así como toda a documentación informativa e para a súa tramitación, atópase en:

- <http://www.oapee.es>
- <http://www.edu.xunta.es/web/programaseuropeos>

[imprimir páxina](#)

### máis novas

A formación en idiomas: actividades no estranxeiro

Programas Educativos Europeos. Presenza nos centros educativos

Proposición non de lei que trata de impulsar a educación inclusiva

Voz Natura é premiada polo seu traballo a favor do medio ambiente

España, un país con atractivo para investigar

Pisa 2009: España obtén resultados algo mellores ca en 2006, pero segue por baixo da media

Santiago de Compostela é durante todo o mes de decembro a sede internacional para o fomento da cultura de paz

O Espazo Europeo de Educación Superior no curso 2010-2011

A UNED Sénior abre o seu período de preinscrición para o segundo cuadrimestre

Convocatoria de accións descentralizadas no marco do programa de aprendizaxe permanente 2011

O emprego universitario no marco do EEES

Dez millóns de persoas utilizan o CV Europass para buscar emprego

O IES Carlos Casares de Viana do Bolo traballará en rede cun centro de León e outro de Asturias

Tres alumnas do IES Campo de San Alberto, de Noia, entrevistan a Manuel Fraga

European Job Day 2010 - Xornadas Europeas de Emprego 2010

## BOLETÍNS INFORMATIVOS CURSO 2010/2011



O MÁIS VISTO	COLABORA COA REVISTA	OUTRAS SECCIÓNS	
Accesibilidade do sitio web	Investigación	Axenda	Blogs
Plan de acción 2010-2011 do Ministerio para mellorar a calidade do sistema	Experiencias	EEES - 2010/2011	Lexislación
Eurydice, a rede europea de información sobre educación	Cartas á directora	Que é	Hemeroteca
Declaración mundial: Aprender a través do xogo. OMEP 2010	Foro	Mediateca	Créditos da revista
Entrepones, unha revista escolar para desenvolver competencias		Tribuna	
Reinicianse as clases universitarias no rural para os maiores de 55 anos			



EUROPA

Sección coordinada por Emilia Seoane Pérez



actualidade

## Dez millóns de persoas utilizan o CV Europass para buscar emprego



Segundo a comisaria europea responsable para a educación, cultura, multilingüismo e xuventude, Androulla Vassiliou, "o CV Europass é una ferramenta práctica, xeneralizada e eficaz. Constató con especial agrado a adhesión da xente moza, na medida en que se trata dun importante instrumento da campaña Xuventude en movemento, que a incentiva a estudar ou a traballar no estranxeiro. Estou certa de que en breve contaremos con 20 millóns de usuarios do Europass". Na actualidade, o número de usuarios ascende a 10 millóns de persoas que utilizan este recurso para procurar emprego, tal e como constatan os datos recollidos pola Comisión Europea. Desá cifra, a metade dos usuarios ten menos de 25 anos, un terzo non ten experiencia profesional previa e unha minoría xa leva traballado polo menos cinco anos. Este feito corrobora que o CV Europass é utilizado para candidatarase a postos de traballo no país de orixe, ademais de para procurar empregos no estranxeiro.

Máis información sobre o CV EUROPASS en EDUGA n.º 49 e n.º 50:

- <http://www.edu.xunta.es/ftpserver/portal/DXPL/revistagalega/rge50/eduga50/9.pdf>
- <http://www.edu.xunta.es/ftpserver/portal/DXPL/revistagalega/rge49/eduga49/9.pdf>

imprimir páxina

### máis novas

A formación en idiomas: actividades no estranxeiro

Programas Educativos Europeos. Presenza nos centros educativos

Proposición non de lei que trata de impulsar a educación inclusiva

Voz Natura é premiada polo seu traballo a favor do medio ambiente

España, un país con atractivo para investigar

Pisa 2009: España obtén resultados algo mellores ca en 2006, pero segue por baixo da media

Santiago de Compostela é durante todo o mes de decembro a sede internacional para o fomento da cultura de paz

O Espazo Europeo de Educación Superior no curso 2010-2011

A UNED Sénior abre o seu período de preinscrición para o segundo cuadrimestre

Convocatoria de accións descentralizadas no marco do programa de aprendizaxe permanente 2011

O emprego universitario no marco do EEES

Dez millóns de persoas utilizan o CV Europass para buscar emprego

O IES Carlos Casares de Viana do Bolo traballará en rede cun centro de León e outro de Asturias

Tres alumnas do IES Campo de San Alberto, de Noia, entrevistan a Manuel Fraga

European Job Day 2010 - Xornadas Europeas de Emprego 2010

## BOLETÍNS INFORMATIVOS CURSO 2010/2011



### O MÁIS VISTO

Accesibilidade do sitio web

Plan de acción 2010-2011 do Ministerio para mellorar a calidade do sistema

Eurydice, a rede europea de información sobre educación

Declaración mundial: Aprender a través do xogo. OMEP 2010

Entrepones, unha revista escolar para desenvolver competencias

Reinicianse as clases universitarias no rural para os maiores de 55 anos

### COLABORA COA REVISTA

Investigación

Experiencias

Cartas á directora

Foro

### OUTRAS SECCIÓNS

Axenda

EEES - 2010/2011

Que é

Mediateca

Tribuna

Blogs

Lexislación

Hemeroteca

Créditos da revista



EUROPA

Sección coordinada por Emilia Seoane Pérez



actualidade

# European Job Day 2010 - Xornadas Europeas de Emprego 2010

Un ano máis, entre os meses de outubro e novembro, celébranse en diversas cidades dos distintos Estados membros da Unión Europea as Xornadas Europeas do Emprego, organizadas polos equipos EURES de toda a Unión Europea. O evento ten por obxecto fomentar a mobilidade, e resulta un escenario de interacción entre empresarios, solicitantes de emprego e conselleiros EURES, ao facilitar o contacto entre demandantes e ofertantes de emprego, e a dispoñibilidade dos conselleiros para asesorar cando se precisa.

Ademais de ofrecer un amplo abano de actividades, que comprende feiras de traballo, seminarios, conferencias e sesións informativas, os participantes recibirán información de interese, relativa ao traballo e contratación no estranxeiro e á posta en relación de ofertas e demandas e asesoramento práctico concreto.

Algunhas das cidades que acollerán estas xornadas son: Torino (Italia), Graz (Austria), Cardiff (Reino Unido), Lille (Francia) etc.

**Máis información en:** [Xornadas Europeas do Emprego 2010](#)

[imprimir páxina](#)

### máis novas

A formación en idiomas: actividades no estranxeiro

Programas Educativos Europeos. Presenza nos centros educativos

Proposición non de lei que trata de impulsar a educación inclusiva

Voz Natura é premiada polo seu traballo a favor do medio ambiente

España, un país con atractivo para investigar

Pisa 2009: España obtén resultados algo mellores ca en 2006, pero segue por baixo da media

Santiago de Compostela é durante todo o mes de decembro a sede internacional para o fomento da cultura de paz

O Espazo Europeo de Educación Superior no curso 2010-2011

A UNED Sénior abre o seu período de preinscrición para o segundo cuadrimestre

Convocatoria de accións descentralizadas no marco do programa de aprendizaxe permanente 2011

O emprego universitario no marco do EEES


Dez millóns de persoas utilizan o CV Europass para buscar emprego

O IES Carlos Casares de Viana do Bolo traballará en rede cun centro de León e outro de Asturias

Tres alumnas do IES Campo de San Alberto, de Noia, entrevistan a Manuel Fraga

European Job Day 2010 - Xornadas Europeas de Emprego 2010

## BOLETÍNS INFORMATIVOS CURSO 2010/2011



### O MÁIS VISTO

Accesibilidade do sitio web

Plan de acción 2010-2011 do Ministerio para mellorar a calidade do sistema

Eurydice, a rede europea de información sobre educación

Declaración mundial: Aprender a través do xogo. OMEP 2010

Entrepones, unha revista escolar para desenvolver competencias

Reinicianse as clases universitarias no rural para os maiores de 55 anos

### COLABORA COA REVISTA

Investigación

Experiencias

Cartas á directora

Foro

### OUTRAS SECCIÓNS

Axenda

EEES - 2010/2011

Que é

Mediateca

Tribuna

Blogs

Lexislación

Hemeroteca

Créditos da revista



actualidade

# O emprego universitario no marco do EEES



A recente implantación dos graos no sistema universitario español pon de manifesto a importancia que o emprego universitario ten no sistema e destaca, entre outros aspectos, a xeneralización das prácticas en empresas nos diferentes plans de estudos, así como as condicións de empregabilidade dos estudantes. Polo tanto, cada vez é máis necesario que os responsables universitarios se interesen pola creación e a potenciación dos Servizos de Emprego Universitario e polo incremento nas accións de orientación laboral e profesional.

Tendo isto en conta, os días 2 e 3 de decembro, a Dirección Xeral de Formación e Orientación Universitaria do Ministerio de Educación, coa colaboración da Universidade Autónoma de Madrid, lugar no que se celebrou o evento, desenvolveu o obradoiro "O emprego universitario no marco do EEES", cuxo obxectivo principal foi debater o papel do EEES (Espazo Europeo de Educación Superior) na mellora do emprego dos estudantes e titulados universitarios. Neste sentido, o obradoiro articulouse arredor de catro mesas de discusión:

- O tránsito dende a universidade á empresa, onde se abordaron as accións que están levando a cabo as universidades cos estudantes de grao, co obxecto de favorecer a súa empregabilidade.
- A inserción laboral dos egresados, onde o obxecto era reflexionar sobre os perfís universitarios dende a perspectiva do tecido empresarial.
- Actividade emprendedora e autoemprego, entendido como un dos puntos clave dentro do emprego, o fomento da capacidade emprendedora como vía para a transformación económico-social e como xeradora de novos empregos.
- Exemplos de boas prácticas no ámbito internacional, onde se presentaron as achegas doutros países europeos acerca de como se aborda en cada un deles o emprego universitario.

As persoas asistentes superaron a centena, entre vicerreitoras e vicerreitores, persoal técnico relacionado co emprego das universidades, profesorado e mesmo persoal de recursos humanos de diferentes e importantes empresas.

**Máis información en:**

- <http://www.encuentrosbet.es/madrid>
- <http://www.mec.es/horizontañes/prensa/actualidad/2010/12/empleo-universitario.html>

**Imprimir páxina**

**máis novas**

A formación en idiomas: actividades no estranxeiro

Programas Educativos Europeos. Presenza nos centros educativos

Proposición non de lei que trata de impulsar a educación inclusiva

Voz Natura é premiada polo seu traballo a favor do medio ambiente

España, un país con atractivo para investigar

Pisa 2009: España obtén resultados algo mellores ca en 2006, pero segue por baixo da media

Santiago de Compostela é durante todo o mes de decembro a sede internacional para o fomento da cultura de paz

O Espazo Europeo de Educación Superior no curso 2010-2011

A UNED Sénior abre o seu período de preinscrición para o segundo cuadrimestre

Convocatoria de accións descentralizadas no marco do programa de aprendizaxe permanente 2011

O emprego universitario no marco do EEES


Dez millóns de persoas utilizan o CV Europass para buscar emprego

O IES Carlos Casares de Viana do Bolo traballará en rede cun centro de León e outro de Asturias

Tres alumnas do IES Campo de San Alberto, de Noia, entrevistan a Manuel Fraga

European Job Day 2010 - Xornadas Europeas de Emprego 2010

## BOLETÍNS INFORMATIVOS CURSO 2010/2011



O MÁIS VISTO	COLABORA COA REVISTA	OUTRAS SECCIÓNS	
Accesibilidade do sitio web	Investigación	Axenda	Blogs
Plan de acción 2010-2011 do Ministerio para mellorar a calidade do sistema	Experiencias	EEES - 2010/2011	Lexislación
Eurydice, a rede europea de información sobre educación	Cartas á directora	Que é	Hemeroteca
Declaración mundial: Aprender a través do xogo. OMEP 2010	Foro	Mediateca	Créditos da revista
Entrepones, unha revista escolar para desenvolver competencias		Tribuna	
Reinicianse as clases universitarias no rural para os maiores de 55 anos			



actualidade

# O Espazo Europeo de Educación Superior no curso 2010-2011

## A implantación xeneralizada dos títulos de grao

**Emilia Seoane Pérez**

 Conselleira EURES (EUROpean Employment Services)  
 Profesora da Universidade de Vigo  
 eures.universidade.emilia@uvigo.es

Dende este curso 2010-2011, as titulacións de diplomatura, Enxeñería Técnica, Arquitectura Técnica, maxisterios, licenciaturas, enxeñerías e arquitectura desaparecen definitivamente dos primeiros cursos no Sistema Universitario Español (SUE). En xeral, todos os estudos oficiais de primeiro curso que se impartan nas aulas dos centros universitarios de primeiro ciclo farano baixo a denominación única de grao.

É por isto que, no actual escenario universitario, estase a marcar o antes e o despois da implantación total do comezo dos estudos universitarios oficiais, ao abeiro do Espazo Europeo de Educación Superior (EEES).

Do mesmo xeito, tamén muda a denominación dos ámbitos nos que se agrupaban as diferentes carreiras, que agora se organizan arredor das seguintes ramas de coñecemento:

- Artes e Humanidades
- Ciencias
- Ciencias da Saúde
- Ciencias Sociais e Xurídicas
- Enxeñería e Arquitectura

No sistema universitario precedente, existía un catálogo de títulos oficiais con idéntica denominación, que cada universidade podía incorporar na súa oferta. Non obstante, no novo panorama de titulacións e co curso 2010-2011 comezado, a situación mudou, pois con esta reforma, cada universidade pode crear e propor, de acordo coa normativa superior establecida, as ensinanzas e títulos que desexe impartir e expedir e que, en todo caso, pasados todos os trámites pertinentes, o Ministerio de Educación ten que incorporar no Rexistro de Universidades, Centros e Títulos do Ministerio de Educación (RUCT).

O feito de que as universidades poidan propoñer a denominación dos novos títulos universitarios de grao e que logo, tras os requisitos correspondentes, cheguen a ser aprobados para a súa implantación con carácter oficial, e sexan incorporados como títulos no RUCT, fai que arestora a diversidade de denominacións de títulos oficiais de grao se incrementase considerablemente, mesmo se pode dar o caso de que unha titulación coa denominación correspondente poida ser ofertada por unha única universidade do SUE.

A partir da aprobación de 164 novos títulos oficiais de grao, no Consello de Ministros do 17 de decembro do 2010, o SUE acada unha oferta de 1.737 títulos de grao incorporados ao RUCT.

No presente curso, nos sete campus universitarios do Sistema Universitario Galego, ofertouse un total de 140 primeiros cursos de títulos de grao, que se reparten por universidades do seguinte xeito:

- Universidade da Coruña: 41
- Universidade de Santiago de Compostela: 47
- Universidade de Vigo: 52.

### Mais información en:

- <http://www.educacion.es/ructweb>
- <http://ciug.cesga.es>
- *Revista Galega do Ensino* (53) 42-45
- *Revista Galega do Ensino* (54) 52-54
- BOE do 17 de decembro de 2010

imprimir páxina

### máis novas

A formación en idiomas: actividades no estranxeiro

Programas Educativos Europeos. Presenza nos centros educativos

Proposición non de lei que trata de impulsar a educación inclusiva

Voz Natura é premiada polo seu traballo a favor do medio ambiente

España, un país con atractivo para investigar

Pisa 2009: España obtén resultados algo mellores ca en 2006, pero segue por baixo da media

Santiago de Compostela é durante todo o mes de decembro a sede internacional para o fomento da cultura de paz

O Espazo Europeo de Educación Superior no curso 2010-2011

A UNED Sénior abre o seu período de preinscrición para o segundo cuatrimestre

Convocatoria de accións descentralizadas no marco do programa de aprendizaxe permanente 2011

O emprego universitario no marco do EEES

Dez millóns de persoas utilizan o CV Europass para buscar emprego

O IES Carlos Casares de Viana do Bolo traballará en rede cun centro de León e outro de Asturias

Tres alumnas do IES Campo de San Alberto, de Noia, entrevistan a Manuel Fraga

European Job Day 2010 - Xornadas Europeas de Emprego 2010

## BOLETÍNS INFORMATIVOS CURSO 2010/2011



### O MÁIS VISTO

Accesibilidade do sitio web

Plan de acción 2010-2011 do Ministerio para mellorar a calidade do sistema

Eurydice, a rede europea de información sobre educación

Declaración mundial: Aprender a través do xogo. OMEP 2010

Entrepones, unha revista escolar para desenvolver competencias

Reinicianse as clases universitarias no rural para os maiores de 55 anos

### COLABORA COA REVISTA

Investigación

Experiencias

Cartas á directora

Foro

### OUTRAS SECCIÓNS

Axenda

EEES - 2010/2011

Que é

Mediateca

Tribuna

Blogs

Lexislación

Hemeroteca

Créditos da revista